


SI

GALICIA, A ECONOMÍA EN DIXITAL A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

**Resumo Executivo
Edición 2025**



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2026

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons. Recoñecemento –Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Introdución

Principais resultados do estudo “Galicia. A nosa economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia”, edición 2026.

Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

Incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Marco estratéxico: Estratexia Galicia Dixital 2030.

Obxectivos

Analizar en detalle, información cuantitativa do nivel de dixitalización, uso das TIC e do comercio electrónico de microempresas e das empresas de 10 e máis traballadores/as en Galicia.

Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030.

Fonte de Información

Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE). Foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre Amtega, o IGE e o INE.

Caracterización do Sector empresarial galego

O tecido empresarial galego alcanza as 186.951 empresas activas, cun crecemento do 0,8% respecto ao ano anterior. Predominan as microempresas (95,8%) e as persoas físicas (58,4%), nunha estrutura empresarial fortemente orientada aos servizos (81,3%) e concentrada principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra.



186.951

EMPRESAS TOTAIS

↑ 0,8% respecto a 2024



95,8%

MICROEMPRESAS

179.110 empresas de 0 a 9 traballadores/as



58,4%

PERSOAS FÍSICAS

109.180 autónomos (41,6% soc. e xurídicas)

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL



A Coruña

0-9 traballadores/as: 74.442 | ≥10: 3.318

77.760 empresas (41,6%)

Pontevedra

0-9 traballadores/as: 62.769 | ≥10: 2.988

65.757 empresas (35,2%)

Lugo

0-9 traballadores/as: 21.746 | ≥10: 818

22.564 empresas (12,1%)

Ourense

0-9 traballadores/as: 20.153 | ≥10: 717

20.870 empresas (11,2%)

COMPOSICIÓN SECTORIAL



Servizos

81,3%



Construción

13,2%



Industria

5,5%

Fonte: INE. Directorio central de empresas 2025


Contratación de Internet

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2025)

A contratación de Internet, no 2025, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis persoas empregadas, acadando o 99%. Pola súa banda, entre as microempresas, a porcentaxe de contratación de Internet sitúase no 75,2%.

O dato das grandes empresas iguala a Galicia coa media estatal mentres que nas microempresas situámonos a menos de 5 puntos

INDICADORES CLAVE



99,1%

Con sede en Galicia (≥10 traballadores/as)

+1,1% vs 2024



99,1%

Con actividade en Galicia (≥10 traballadores/as)

+0,9% vs 2024



75,2%

Microempresas galegas (0-9 traballadores/as)



99,0%

Media estatal (≥10 traballadores/as)



79,9%

Media estatal en microempresas

Fonte: INE (2025)




OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Velocidade de conexión contratada

A porcentaxe de empresas con 10 ou máis traballadores con sede en Galicia e conexión de banda larga fixa de >100 Mb/s aumenta ata o 86,0% (+3,1% respecto ao ano anterior), mentres que nas microempresas acada o 71,5% (+3,2% no último ano).


Evolución da velocidade contratada: 0 a 9 empregados/as

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet e banda larga fixa)



Evolución da velocidade contratada: 10 ou máis empregados/as

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia, conexión a Internet e banda larga fixa)



Fonte: INE (2025)

INDICADORES CLAVE



86,0%

Empresas con sede (≥10 trab. con ≥100 Mb/s)

↑ +3,1% vs 2024



71,5%

Microempresas con sede (0-9 trab. con ≥100 Mb/s)

↑ +3,2% vs 2024



26,7%

Empresas con sede en Galicia (≥10 trab. con ≥1 Gb/s)



29,2%

Empresas con actividade en Galicia (≥10 trab. con ≥1 Gb/s)



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Talento Dixital: Especialistas e Perfís TIC

Empresas que empregan especialistas TIC
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Empresas con mulleres especialistas TIC
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2025)

Unha de cada cinco empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia conta con especialistas TIC. Entre elas, o 51,3% emprega mulleres especialistas TIC, unha proporción moi superior á media estatal (38,7%). Os perfís especializados máis frecuentes son os vinculados aos datos e á ciberseguridade.

Empresas que empregan especialistas TIC
Tipoloxía



Fonte: INE (2025)

INDICADORES CLAVE DE ESPECIALISTAS TIC

20,2%
Con actividade en Galicia (≥10 traballadores/as)

13,3%
Con sede en Galicia (≥10 traballadores/as)

16,8%
Media estatal (≥10 traballadores/as)

1,7%
Microempresas galegas con sede (0-9 traballadores/as)

Páxina Web e Redes Sociais

Dispoñibilidade de Páxina Web

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Empresas que utilizaron medios sociais sociais, 10 ou máis empregados, evolución do indicador

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Empresas que utilizaron medios sociais, 0 a 9 empregados, evolución do indicador

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

O 83,0% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia dispón de páxina web e o 70,3% utiliza medios sociais con fins empresariais. Entre as microempresas, estas porcentaxes sitúanse no 28,7% e no 32,8%, respectivamente, o que reflicte unha crecente integración das canles dixitais na actividade empresarial.

INDICADORES CLAVE

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB

83,0%

Empresas con actividade en Galicia (≥10 trab.)

80,6%

Empresas con sede en Galicia (≥10 trab.)

28,7%

Microempresas (0-9 trab.)

USO DE MEDIOS SOCIAIS

70,3%

Empresas con actividade en Galicia (≥10 trab.)

+6,0 p.p. (+9,3% rel.) vs 2024

65,7%

Empresas con sede en Galicia (≥10 trab.)

+7,1 p.p. (+12,1% rel.) vs 2024



32,8%

Microempresas (0-9 trab.)

+5,5% vs 2024


Comercio Electrónico

O 27,0% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia e o 7,9% das microempresas realizaron vendas por Internet en 2025. As páxinas web e aplicacións propias consolidáronse como a principal canle de venda electrónica, dirixida maioritariamente a fogares e particulares.




Fonte: INE (2025)

Intelixencia Artificial (IA)



Fonte: INE (2025)

A Intelixencia Artificial acelera a súa implantación nas empresas galegas en 2025. Unha de cada cinco empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia emprega xa esta tecnoloxía (20,5%), fronte ao 9,8% das microempresas. As aplicacións máis utilizadas están vinculadas á IA xerativa, especialmente para a creación de imaxes, vídeo, son e contidos textuais.



Fonte: INE (2025)

Cloud Computing


Compra de Servicios de Cloud Computing

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Soluciones de Cloud Computing

(% sobre o total de empresas que compraron e utilizan algún servizo de Cloud Computing)



- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores / as con sede en Galicia

Fonte: INE (2025)

O Cloud Computing consolídase como unha das tecnoloxías máis implantadas nas empresas galegas. En 2025, o 45,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia utiliza servizos na nube, unha porcentaxe superior á media estatal. O almacenamento de ficheiros, as ferramentas ofimáticas e o correo electrónico continúan sendo as solucións máis empregadas.



Fonte: INE (2025)

Reciclaxe

Empresas que Empregan Medidas de Reciclaxe

(%) sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as
(1) (%) sobre o total que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía e/ou reducir o consumo de materiais ou potenciar o uso de materiais reciclados)



(%) sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as
(1) (%) sobre o total que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía e/ou reducir o consumo de materiais ou potenciar o uso de materiais reciclados)



Fonte: INE (2025)

As solucións TIC orientadas á sustentabilidade están cada vez máis presentes nas empresas galegas con actividade en Galicia: o 28,1% utilízalas para reducir o consumo de enerxía e o 21,2% para optimizar o uso de materiais e potenciar a reciclaxe.



31,2%

Empregan sistemas TIC para reducir o consumo de enerxía.

Empresas de 10+ traballadores/as con sede en Galicia.



28,1%

Empregan sistemas TIC para reducir o consumo de enerxía.

Empresas de 10+ traballadores con sede ou actividade en Galicia.



5,9%


Empregan sistemas TIC para reducir o consumo de enerxía.

Microempresas (0-9 traballadores/as) con sede en Galicia.

Gasto en TIC

Gasto en TIC das empresas durante o ano 2024

(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)



669 M€

Inversión en seguridade (2024)

Empresas de 10+ traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.



70 M€

Inversión en Intelixencia Artificial (2024)

Empresas de 10+ traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.

A seguridade continúa concentrando a maior parte do investimento TIC das empresas galegas. En 2024, as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia destinaron máis de 669 millóns de euros a este ámbito, fronte aos 70 millóns investidos en sistemas de Intelixencia Artificial.

O gasto en Intelixencia Artificial é maior nas grandes empresas que nas microempresas galegas.

Conclusións

Caracterización empresarial

O número de empresas en Galicia ascende a 186.951 en 2025, das cales o 95,8% son microempresas.

O 71,5% das microempresas e o 86% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia dispoñen de conexións de banda larga fixa con velocidades iguais ou superiores a 100 Mb/seg.

Dixitalización das Empresas

O 83,0% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia dispoñen de páxina web propia.

O uso dos medios sociais alcanza o 32,8% nas microempresas e arredor do 70% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, consolidándose como unha das principais canles de comunicación e promoción empresarial.



Comercio electrónico

O 27,0% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia realizaron vendas por Internet en 2025, fronte ao 7,9% das microempresas.

As páxinas web e aplicacións propias continúan sendo a principal canle de venda electrónica, dirixida maioritariamente a fogares e particulares.

Tecnoloxías Disruptivas

O uso da Intelixencia Artificial continúa avanzando nas empresas galegas. No ano 2025, o 20,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia empregan esta tecnoloxía, mentres que nas microempresas a porcentaxe alcanza o 9,8%.

A contratación de servizos de Cloud Computing acada o 45,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia, situándose por riba da media estatal (44,3%). O almacenamento de ficheiros, as ferramentas ofimáticas e o correo electrónico son os servizos máis utilizados..



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Máis información: www.osimga.gal